

NOITES BRANCAS

sábado 30 de outubro, 20h.
CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA,
Vigo

Afectuoso homenaxe a Isaura Abelairas (1951-2021) impulsora e amiga do festival recentemente finada. O programa percorre obras fundamentais da literatura contemporánea para viola sóa levando o instrumento ao límite das súas posibilidades. Un programa articulado a partires da *Sonata para viola An den Gesang Eines Engels* (Ao canto dun anxo) (1955) de Bernd Alois Zimmermann (1918-70) escrita en memoria da súa filla Barbara morta ao pouco de nacer. Inclúe músicas de Israel López Estelche (1983), Salvatore Sciarrino (1947), Francisco Coll (1985), Liza Lim (1966) e a estrea mundial de *Rural Ghost* de Chapman Welch (1973).

ISRAEL LÓPEZ ESTELCHE (1983)

Pensamento (2019)

SALVATORE SCIARRINO (1947)

3 Notturmi Brillanti (1975)

FRANCISCO COLL (1985)

Hyperlude II e V (2014/2019)

CHAPMAN WELCH *Rural Ghost** (2019)

BERND ALOIS ZIMMERMANN (1918-70) *Sonata para viola An den Gesang Eines Engels* (Ao canto dun anxo) (1955)

LIZA LIM (1966)

The Su Song Star Map (2019)

*Estrea mundial. Adicada a Alfonso Noriega.

VERTIXE SONORA Alfonso Noriega viola

AS OBRAS

Pensamento (2019)

de Israel López Estelche (1983)

Escrita nun só trazo, divisible en tres momentos con cadansúa sonoridade específica, esta obra foi adicada e inspirada por Alfonso Noriega. Aproveita todo os recursos técnicos e expresivos do instrumento –dende o uso de amplos rexistros e contrastes dinámicos ata harmónicos áxiles e cáseque volátiles– para transmitir unha delicadeza estrema.

3 Notturmi Brillanti (1975)

de Salvatore Sciarrino (1947)

Resultado dun pedido do mestre Piero Farulli para confrontar aos seus estudantes cos retos da interpretación de música para viola contemporánea os *3 Notturmi Brillanti* están moi lonxe do seu propósito de simplicidade primixenio. Tras unha longa exploración Sciarrino conquistou unha característica escritura para cordas (que se convertirá no seu selo distintivo) a partires dun material constituído exclusivamente por harmónicos. Cada son nace individualmente; e os seus compoñentes –incluído timbre e intensidade– son indivisibles nesta creación musical. Sería o grande violista Aldo Bennici o primeiro en dominar unha música que o propio Sciarrino considerara un soño utópico, impulsando a técnica instrumental ata límites descoñecidos e demostrando a habilidade da man como nun xogo de prestidixitación

Hyperlude II e V (2014/2019)

de Francisco Coll (1985)

Versións para viola sóa, realizada polo propio Alfonso Noriega, das pezas curtas do mesmo título escritas para violín solista e concebidas a modo de *Partita* contemporánea. *Hyperlude II* foi estreada para violín por Patricia Kopatchinskaja en xuño de 2019 en Berna. *Hyperlude V* é un agasallo do compositor á súa muller o día de vodas.

Rural Ghost* (2019) de Chapman Welch

Pantasma rural emprega técnicas violinísticas, ideas e melodías da música tradicional americana. Fragmentos de cancións tradicionais (por exemplo, *Blackberry Blossom*) espállanse polo traballo aínda que dun xeito intencionadamente ofuscado. Usando un enfoque multi-narrativo, preséntanse enerxías musicais en conflito antes de fusionarse para crear unha versión cristalizada e fantasmal dos seus antigos seres. A peza xurde dunha encomenda de Alfonso Noriega a quen foi adicada.

Sonata para viola An den Gesang Eines Engels

(Ao canto dun anxo) (1955)

de Bernd Alois Zimmermann (1918-70)

Para Zimmermann escribir para un instrumento só é o xeito de acceder ao seu “poder case inesgotable”. Escrita en memoria de Barbara, a filla morta a pouco de nacer, Zimmermann elixiu a viola por considerala o instrumento coa “voz capaz de expresar a dor máis escura”. Foi construída en espello (a partires dun punto a obra repítese en movemento retrogradado) e está baseada no coral de Johann Sebastian Bach *Gelobet Du Jesu Christ*. Nesta sonata dun só movemento o instrumento fai un dúo consigo mesmo ou pártese en mil pedazos popoñendo unha viaxe repleta de implicacións emocionais privadas coas que rende homenaxe a algunhas das obras mestras do repertorio que máis o influirán –desde a *Chaconne* de Bach ata o *Concerto para violín* de Alban Berg (do que extrae a referencia do título e que tamén fora adicada por Alban Berg á morte prematura de María, filla de Gustav e Alma Mahler que finara con tan só cinco anos).

Mapa das Estrelas de Su Song (2019)

de Liza Lim (1966)

Versión para viola da obra do mesmo título escrita orixinalmente para violín e realizada expresamente pola compositora para Alfonso Noriega. O *Mapa das Estrelas de Su Song* está inspirada no mapa estelar desenvolvido por Su Song (1020-1101) importante científico chinés e enxeñeiro mecánico da dinastía Song (960 -1279). Este mapa aparece por vez primeira no libro de Su Song *Xin Yi Xiang Fa Yao* (1092) adiantándose en 477 anos ao primeiro traballo destas características publicado en Occidente por Gerard Mercator no 1569. No mapa estelar de Su Song hai 14 xiu (mansións lunares na proxección de Mercator). A liña recta horizontal que atravesa o mapa estelar representa o ecuador, namentres que a eclíptica curva por riba del. Ten os círculos horarios entre os xiu (mansións lunares) que forman os meridianos astronómicos, con estrelas marcadas nunha proxección cilíndrica cáseque ortomorfa a cada lado do ecuador e, polo tanto, de acordo coas súas distancias polares.

VINDEIRO CONCERTO

domingo 31 de outubro, 19h.
AUDITORIO MARTÍN CÓDAX, Vigo

TEMPO EXPORTO E...